

Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000010

ACTA Nº 2019/10 SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- MARTES , 22 DE OUTUBRO DE 2019 -

No día de hoxe, ás 19:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, a Sesión ordinaria do Pleno da Corporación.

Preside: Benigno Galego Castro, **Asisten:** Rocio Martinez Martinez, Candido-Eusebio Prieto Lago, David Prada Aneiros, Patricia Santalla Perez, Cristian Carrodegas Graña, Marina Tojeiro Martinez, Alberto Javier Rey Paz, Maria-Amalia Diaz Rodriguez


Ausencias: Cristian Carrodegas Graña, abandona a sesión as vinte horas e quince minutos no debate do punto número sete, e Patricia Santalla Perez, abandona a sesión as vinte horas e corenta minutos no debate do punto oito.

Secretaria – Interventora: Paula Diaz Tie

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**

1.Aprobación , das actas dos plenos reunidos o día 30/08/2019 . Os membros dos pleno por unanimidade aprobaron a acta antes mencionada .

1.Declaración institucional iniciativa reactivación economía e captación industrial da comarca , Leído o seguinte escrito : Os alcaldes e alcaldesas das Pontes, Ferrol, Pontedeume, Neda, Mugardos, Ortigueira, Cedeira, Cerdido, A Capela, As Somozas, San Sadurniño, Fene, Cariño, Valdoviño, Moeche, Cabanas, Ares, Narón, Miño, Monfero, Mañón, Muras, Xermade, Vilalba e Viveiro, integrados nas comarcas de Ferrol, Eume, Ortegal, Terra Chá e A Mariña Occidental, diante da circunstancia que se está a vivir de emerxencia industrial (coa situación de Endesa, Alcoa, Navantia, Gamesa, Poligal, Reganosa, etcétera), que pode arrastrar a miles de traballadores e traballadoras e a todo un tecido empresarial vinculado ao sector industrial, que xa leva perdido miles de empregos nos últimos anos (10.000 no naval, 2.700 en Endesa, 400 en Gamesa, 200 en Coservas La Jira e 150 en Pizarras Campo), expresan a súa profunda preocupación por esta situación. Así mesmo, estas comarcas arrastran un déficit importante tanto en materia de infraestruturas ferroviarias e viarias, imprescindibles para acompañar esta aposta pola rexeneración industrial, como no referido ao impacto do prezo da enerxía e o grave despoboamento. Por todo isto, instan con urxencia ás administracións con competencia en industria, é dicir, o Ministerio de



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000010

Industria e a Consellería de Economía e Industria a acometer unha iniciativa conxunta de reactivación económica e captación industrial nestas comarcas, que fomente a política industrial nos sectores do naval, a enerxía, a fibra de madeira, a transformación do sector primario (agropecuario, forestal e pesqueiro), o metalúrxico e o tecnolóxico, así como o aproveitamento de todas as potencialidades existentes nestas comarcas. Para trasladar esta problemática, solicitan as correspondentes entrevistas cos ministerios de Industria e de Fomento, e coas consellerías de Economía, Emprego e Industria e de Infraestruturas e Mobilidade.

Os membros do Pleno asistentes, aprobaron por unanimidade a declaración institucional anterior .

O alcalde , explica que a principios de mes houbo unha reunión de vinte e cinco alcaldes das diferentes comarcas e de distintos partidos políticos para realizar esta declaración institucional , que se presenta agora no pleno para a súa aprobación

O concelleiro Alberto Rey Paz , afirma que lle parece correcto

3.- Sorteo para designar os membros das mesas electorais para a xornada electoral do día 10 de novembro de 2019, a cortes xerais.Realizado por medios informáticos o sorteo , a composición das mesas electorais é a seguinte :

Distrito Primeiro - Sección Primeira - Mesa A

Presidente: María Meizoso Pérez

1º Vocal: Celsa González Piñon

2º Vocal: Ana Belen Piñón Luaces

1º suplente Presidente: Mónica García Pita


2º suplente Presidente: Gabriel Martínez Caneiro

1º suplente Vocal 1º: Antía Gómez Galego

2º suplente Vocal 1º: Lucia López Neira

1º. suplente Vocal 2º: Anabel Piñón Breijo

2º suplente Vocal 2º: José Javier Caneiro Prado



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000010

Distrito Primeiro - Sección Primeira - Mesa B

Presidente: María Angeles Serrano Soto

1º vocal: Victor Manuel Lorenzo Lorenzo

2º Vocal: Rocío Cea Hernández

1º suplente Presidente: María José Vidal García

2º suplente Presidente: Noel Fernández Aneiros

1º suplente Vocal 1º: Andrés Carballo Redondo


2º suplente Vocal 1º Cristobal Vellón Caneiro

1º suplente Vocal 2º: Vanesa Fernández Pérez

2º suplente Vocal 2º : Marino Antonio Aneiros Santalla

4.- Corrección dun erro numérico do acordo de non dispoñibilidade de crédito aprobado no pleno ordinario de agosto . Leida a seguinte moción pola secretaria do concello” Advertidos pola Xunta de Galicia nun erro numérico no acordo do pleno ordinario de agosto no acordo de non dispoñibilidade de crédito ,e o abeiro do establecido no artigo 109 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións Públicas esta Alcaldía propón a adopción do seguinte acordo: Primeiro : Corrixir a cantidade do acordo de non dispoñibilidade de crédito que en lugar de poñer - 95,351,49 a cantidade do acordo de non dispoñibilidade será -97.925,98 € . **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes aprobaron a corrección de erros .**

5.- Modificación da relación de postos de traballo RPT . Leida a moción , que se transcribe a continuación , pola secretaria do concello: “Exposición de motivos :A primeira Relación de Postos de Traballo do Concello de Cerdido foi obxecto de aprobación polo Pleno Municipal na sesión celebrada en data 27 de novembro de 2009, e publicada no B.O.P. de A Coruña nº 258 de data 4 de decembro de 2009. Dende a referida aprobación e entrada en vigor, dita RPT non foi obxecto de modificación algunha, manténdose inalterada a día de hoxe. Así, cabe constatar a existencia, no momento actual, dunha serie de circunstancias e feitos, de diversa índole, e con evidente repercusión sobre os aspectos definidos/regulados na RPT, que veñen a evidenciar e xustificar a necesidade de realizar unha modificación puntual .Por unha banda a necesidade de contar no seu cadro de persoal cun posto de Arquitecto Técnico, con xornada a tempo parcial e adscrito á Area de Urbanismo, ao resultar o mesmo indispensable por ser as súas funcións absolutamente necesarias para prestar adecuadamente os servizos relativos ao eido competencia de urbanismo como poden ser os informe de expedientes de concesión de licencias, informes urbanísticos, preparación de documentos técnicos, inspección e similares no ámbito urbanístico, que revelan a necesidade de




Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000010

contar no cadro de persoal cun posto de arquitecto técnico suxeito ao estatuto funcionarial. Por outra banda, é preciso contar no cadro de persoal cun novo posto de Oficial de servizos varios, co obxecto de prestar múltiples tarefas de mantemento e acondicionamento de espazos, infraestruturas e vías públicas municipais, así como dun posto que poida ocuparse da substitución do posto de oficial de servizos varios con código 2011 e do posto de encargado de maquinaria nos casos de ausencias, ILT e vacacións. Ditas funcións, dada a súa complexidade, requiren de certa cualificación profesional, polo que non semella lóxico que as mesmas sexan asumidas por un posto encadrado no grupo profesional máis baixo (grupo V). Para rematar as modificacións previstas, preténdese a creación dun posto de administrativo na área de secretaría/intervención co obxecto de prestar funcións propias da subescala administrativa de administración xeral, e coa finalidade de subsanar a anomalía que supón que ditos funcións sexan prestadas por un posto de auxiliar administrativo encadrado no subgrupo C2. Así, a este respecto debemos indicar que as funcións relativas a “Asumir a xefatura do Negociado, coas responsabilidades inherentes a este; Tarefas de xestión, estudo e proposta de carácter administrativo de nivel superior; Coordinación da xestión administrativa nas áreas socio-comunitarias; Asumir a responsabilidade da organización da atención ao público no propio Negociado; Atención do punto de información catastral” son funcións propias dun posto encadrado no subgrupo C1 e non semella lóxico que as mesmas sexan asumidas por persoal dun grupo profesional tan baixo e, consecuentemente, sen a existencia da titulación mínima correspondente. Nesta modificación na organización, se materializaría, e potenciaría tamén, o dereito á carreira e promoción profesional do persoal municipal (dereito que, en todo caso, vén sendo consagrado polo noso lexislador; véxase, a tal efecto, o previsto ao respecto, nos artigos 14.c., e do 16 ao 19, do TREBEP, así como no artigo 71.c. da sección 1ª, Capítulo II, Título VI, da Lei de Emprego Público de Galicia), tamén se estaría optando por unha solución/vía para a cobertura das necesidades laborais existentes baseada na racionalización e optimización dos recursos humanos e económicos existente toda vez que, de facto, non se estaría a incorporar novo persoal, agás o posto de traballo de arquitecto técnico, e, ademais, o desenvolvemento de ditos procesos de promoción se vincularía á amortización das prazas e postos de adscrición do persoal finalmente promocionado e que, como consecuencia disto, resultarían vacantes. Polo que vistos os informes obrantes no expediente, e previa audiencia os interesados e convocada a mesa de negociación do persoal sen que se puiden realizar por ausencia dos seus membros e atendendo o disposto no Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por el Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro (EBEP) e na Lei 7/1985 de 2 de abril, de Bases do Réxime local, propono ao órgano competente o seguinte **ACORDO: PRIMEIRO.** Aprobar a modificación da Relación de Postos de Traballo deste Concello que figura no anexo deste acordo. As súas fichas e xustificacións das valoracións figura no expediente administrativo. **SEGUNDO.** . Una vez aprobada a modificación, a Relación de Postos de Traballo publicarase integramente no *Boletín Oficial da Provincia* e remitirase una copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma».

ANEXO



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000010

PERSOAL FUNCIONARIO:


Código	Denominación	Dot.	Tipo	Corpo Escala Categori	Grupo	Nivel	C.E. (14 Pagas)	Prov.	R. N.	Titulación	Adm.	Observacións
1103	Administrativo/A	1	F	A.X. (A dtva.)	C1	20	6.003,93 €	C	U.E.	Bacharelato Ou Equivalente	A.L.	Vacante. Vinculado Á Promoción Interna
2021	Arquitecto/a técnico/a	1	F	A.e. (técnica)	A2	24	1.530,12 €	C	U.e.	Grao en enxeñaría de edificación ou equivalente	A.l.	Xornada a tempo parcial (20%). Vacante

Nota: O importe do CE inclúe o incremento do 2,25% que determina o Real Decreto-lei 24/2018, do 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público.

PERSOAL LABORAL:

Código	Denominación	Dot.	Tipo	Corpo escala Categori	Grupo	Complemento competencia mando	Compl. Factores complementarios	Prov.	R. n.	Titulación	Adm.	Observacións
2013	Oficial servizos varios	1	L	S.c.	Iv	4.531,84 €	8.792,42 €	C	U.e.	Graduado en e.s.o. ou equivalente	A.l.	Vacante. Vinculado á promoción interna

Nota: O importe das retribucións complementarias inclúen o incremento do 2,25% que determina o Real Decreto-lei 24/2018, do 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público.



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000010

Abreviaturas empregadas:

Tipo: L: Posto reservado a persoal laboral F: Posto reservado a persoal funcionario

Corpo/Escala ou Categoría: A.X.: Escala de Administración xeral . A.E: Escala de Administración especial. H.N: Escalas de habilitación Nacional. Segundo Convenio: No caso do persoal laboral, segundo convenio de aplicación.

Prov.: Forma de provisión: C: concurso L: libre designación

Reserva Nacional:R.N: Posto reservado a persoas con nacionalidade española U.E.: Unión Europea


Titulación:Recóllese a titulación mínima esixida

Administración:

A.L.: Posto reservado a empregados propios da administración local A.E.: Posto reservado a funcionarios con habilitación de carácter estatal

Observacións:Xornada a tempo parcial: Sinala os postos que non prestarán servizo a xornada completa. A amortizar: Sinala os postos que se amortizarán trala amortización das prazas que se vinculen aos mesmos. Vinculado á promoción interna: Indica que a cobertura da praza correspondente e, polo tanto, a selección do persoal ocupante da mesma, —e que se deberán adscribir, ambos (praza e persoal), a este posto—, realizarase mediante un procedemento de promoción interna; sen prexuízo de que, no caso excepcional de que dita vacante de persoal, trala realización da referida quenda de promoción interna, resultase deserta, a mesma se poida incorporar —de considerarse oportuno, e con arranxo ás previsións e/ou límites legais aplicables, no momento, en materia presupostaria e de selección de persoal de novo ingreso—, á quenda de acceso libre. En todo caso, de terse materializado, con éxito (con cobertura da praza obxecto do proceso), a quenda de promoción interna, conforme aos procedementos legalmente previstos, a praza e posto correspondentes, que tiveran quedado vacantes como consecuencia da promoción do anterior ocupante, serán obxecto de amortización

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	TIPO DE PERSOAL
2021	Arquitecto/a Técnico/a	Funcionario
GRUPO	ESCALA/SUBESCALA	ADMINISTRACIÓN
A2	A.E. (Técnica)	A.L.
TITULACIÓN MÍNIMA NECESARIA	ÁREA	Urbanismo, Obras e Servizos
Estar en posesión da titulación de Grao en	SERVIZO	Urbanismo




Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000010

Enxeñería de Edificación ou equivalente.	UNIDADE	Urbanismo
<p>Funcións principais:</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Asumir o informe técnico das actividades sometidas ao deber de obtención de licenza de apertura, instalación ou funcionamento, sexan de establecementos fabrís, industriais, comerciais ou de calquera outra índole. <input type="checkbox"/> Realizar informes de licencias de obras menores, actividades, aliñacións e primeiras ocupacións. <input type="checkbox"/> Elaboración de informes técnicos de obra maior. <input type="checkbox"/> Colaborar na xestión e tramitación daqueles asuntos e expedientes departamentais que entren dentro da súa capacitación profesional e técnica. <input type="checkbox"/> Vixiar o cumprimento da normativa medioambiental, emitindo informes ao respecto. <input type="checkbox"/> Colaboración e asistencia técnica, por necesidade ou requirimento, naqueles asuntos propios do departamento e que entren dentro da súa capacitación profesional. <input type="checkbox"/> Supervisión directa, seguimento e informe de proxectos de obras e infraestruturas públicas. <input type="checkbox"/> Dirección e execución de obras de demolición en reposición da legalidade urbanística. <input type="checkbox"/> Realizar informes, dentro do seu eido competencial e profesional, e relativos ás materias propias do departamento. <input type="checkbox"/> Atención ao público. <input type="checkbox"/> Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra. 		
CÓDIGO	DENOMINACIÓN	TIPO DE PERSOAL
1103	Administrativo/a	Funcionario
GRUPO	ESCALA/SUBESCALA	ADMINISTRACIÓN
C1	A.X. (Adva.)	A.L.
TITULACIÓN MÍNIMA NECESARIA	ÁREA	Secretaría/Intervención
Bacharelato ou equivalente.	SERVIZO	Secretaría/Intervención
	UNIDADE	Secretaría/Intervención
<p>Funcións principais:</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Asumir a xefatura do Negociado, coas responsabilidades inherentes a este. <input type="checkbox"/> Prestar apoio á Secretaría no desenvolvemento das súas funcións ordinarias. <input type="checkbox"/> Tarefas de xestión, estudo e proposta de carácter administrativo de nivel superior. <input type="checkbox"/> Ditames en materias de índole administrativa e económica. 		




Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000010

- Traballos relacionados coa xestión administrativa/contable no ámbito do Concello.
- Coordinación da xestión administrativa nas áreas socio-comunitarias.
- Asumir a responsabilidade da organización da atención ao público no propio Negociado.
- Clasificación de expedientes concluídos, coa correspondente preparación para o traslado ao arquivo municipal.
- Asumir a levanza do arquivo municipal e a responsabilidade na correcta xestión deste.
- Tramitación administrativa de expedientes de licenzas de todo tipo en colaboración coa oficina técnica e a propia Secretaría.
- Xestión material do padrón e estatística e información urbanística, así como licenzas de obras, (agás a parte técnica).
- Recadación de lixos e auga.
- Control de publicacións nos diarios e boletíns informando cada departamento das disposicións que o puidesen afectar.
- Xestión material do rexistro de documentos do concello e Rexistro civil.
- Manexar terminais, tratamentos de textos, calculadoras etc. e informar e atender o público en defectos de auxiliares e subalternos.
- Mantemento e modificación da páxina web do concello e mantemento de equipos informáticos, así como deseño de carteis e presentacións varios a través de programas informáticos, creación de bases de datos.
- Atención do punto de información catastral.
- Atención ao público telefónica e persoal.
- Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	TIPO DE PERSOAL
2013	Oficial servizos varios	Laboral
GRUPO	CATEGORÍA	ADMINISTRACIÓN
IV	Segundo Convenio Colectivo	A.L.
TITULACIÓN MÍNIMA NECESARIA	ÁREA	Urbanismo, obras e servizos
Graduado en E.S.O. ou equivalente	SERVIZO	Obras
	UNIDADE	Obras
Funcións principais:		
Realizar múltiples tarefas de mantemento e acondicionamento de espazos, infraestruturas e vías		



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000010

públicas municipais, propias da súa cualificación profesional, no marco das competencias asumidas pola unidade.

- Realizar pequenas obras, baixo as directrices xerais dos postos técnicos.
- Manexar a maquinaria utilizada para o desenvolvemento dos traballos propios da unidade, así como asumir o mantemento básico do mesmo.
- Substitución do oficial de servizos varios e do encargado de maquinaria nos casos de ausencias, ILT e vacacións.
- Realizar as tarefas propias da recollida de lixo e residuos urbáns.
- Colaborar na realización das restantes funcións asumidas pola unidade e que entren dentro da súa capacitación profesional.
- Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.


Os membros do Pleno por unanimidade dos presentes , aprobaron a proposta anterior .

O alcalde , explica que con estas modificacións créase unha praza de arquitecto técnico , labores que antes eran realizadas polo arquitecto de Valdoviño , tras a formalización dun convenio e que agora as realiza unha empresa externa con apoio do servizo técnico da Deputación, outra praza que se crea é de administrativo e de oficial de servizos varios porque son mais acorde coas funcións que realiza e se cubrirá por promoción interna .

O concelleiro Alberto Rey Paz, pregunta sobre as iniciais AL , que parece ser que son administración local e se lle aclare o tema titulación requirida en relación as funcións que realiza o auxiliar administrativo.

O alcalde ,explica que non hai que poñer nomes as postos de traballo , tratase de modificar os postos en relación as funcións que realiza e a titulación que se exixirá para realizar estas función , independente da titulación que teñan os que agora ocupen o posto .

6.- Modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola recollida de lixo , Leida a proposta da Alcaldía que se transcribe a continuación :Motivado pola unha banda a necesidade de adaptar o texto da Ordenanza reguladora da Taxa polo servizo de recollida de lixo , que data a súa redacción orixinal do ano 1991 á lexislación actual de residuos e o resto do bloque normativo aplicable en materia tributaria e de facendas locais e por outra banda a necesidade de adaptar as cotas tributaria a cantidade que se vaian aproximando a sufragar o custo do servizo , esta Alcaldía propón a adopción do seguinte acordo : **Primeiro** : Aprobar provisionalmente a modificar os seguintes artigos da Ordenanza reguladora da Taxa polo servizo de recollida de



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000010

lixo, que quedan redactados do seguinte xeito :

Artigo 1 , Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 d o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en adiante RDL 2/2004), este Concello establece a "Taxa por Recollida de Lixo", que rexerá por medio de Ordenanza Fiscal,

Artigo 2 , Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible desta taxa de prestación de servizo de recepción obrigatoria, a recollida de residuos sólidos urbanos no termo municipal de Cerdido

Quedan fora do ámbito de aplicación da presente ordenanza os residuos que, procedentes de calquera actividade ou servizo, estean incluídos pola normativa legal e regulamentaria de aplicación dentro dos considerados como tóxicos ou perigosos. As obrigas específicas que necesariamente deberán cumprir os produtores ou posuidores desta clase de residuos, serán as establecidas no artigo 20 da Lei 22/2011 de 28 de xullo de Residuos e Solos contaminados e Lei 10/2008 de 3 de novembro de residuos de Galicia.

2. Entenderase de recepción obrigatoria o servizo prestado a tódalas vivendas, locais e establecementos comerciais, industriais, profesionais ou de outros usos que estean en condicións de habitabilidade ou utilización con independencia de que estean ou non, habitados ou utilizados. En consecuencia, todos eles tributan unha cota mínima de dispoñibilidade do servizo .

3. Considéranse, a efectos desta ordenanza, de conformidade co artigo 4.2 da Lei 10/2008 de residuos de Galicia residuos urbanos o municipais, os xenerados nos domicilios particulares, comercios oficinas e servizos, así como todos aqueles que non teñan a calificación de perigosos e que, pola súa natureza ou composición poidan asimilarse aos producidos nos anteriores lugares ou actividades.

Artigo 3 . Suxeitos Pasivos


1. Son suxeitos pasivos das taxas, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que presten ou realicen as entidades locais, de conformidade co artigo 23.1 do RDL 2/2004 .

En consecuencia, son suxeitos pasivos contribuíntes nesta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas, establecementos e instalacións de calquera uso, sexa a título de propietario ou usufrutuario, habitacionista ou arrendatario.

2. Terán a condición de substitutos do contribuínte, nas taxas establecidas por razóns de servizos ou actividades que beneficien ou afecten aos ocupantes de vivendas ou locais, os propietarios de ditos inmobles, quen poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios, de conformidade co artigo 23.2, do citado RDL 2/2004.

Artigo 4. Responsables .

1. Responderán solidariamente das débedas tributarias as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000010

2. Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 5 . Exenciones

De conformidade co establecido no artigo 24.4 do RDL 2/2004 gozarán de exención subxectiva aqueles contribuíntes cuxos ingresos familiares no rebasen o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM). Para obter dereito á obtención destes beneficios, o interesado deberá estar empadroadado e residir na vivenda para a que solicita o beneficio. Precisarase informe dos servizos sociais e acordo da corporación .

Artigo 6 . Cota Tributaria

1.- A cota tributaria consistirá en unha cantidade fixa, por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles

2.- A tal efecto aplicarase a seguinte tarifa: Conceptos.- Categoría única.-

Epígrafe 1º.- Vivendas. Por cada vivenda.60€. (Enténdese por vivenda a destinada a domicilio de carácter familiar e aloxamentos que non excedan de dez prazas).

Epígrafe 2º.- Establecementos turísticos. Hoteis, Hostais, Casas rurais, Pensiós, Restaurantes con locais superiores a 120 metros cadrados, 170.00 €.

Epígrafe 3º.- Establecementos comerciais e mercantís con uso diferente a vivenda con locais superiores a 120 metros cadrados e bares sen comedor. 105,00 €.


Epígrafe 4º: Outros establecementos comerciais e mercantís con uso diferente a vivenda e cunha superficie menor a 120 metros cadrados. 80,00 €.

As cotas sinaladas na tarifa, teñen carácter irredutible e corresponden a doce meses que se fraccionarán en dúas cotas semestrais

SEGUNDO: Iniciar un período de información pública no que , este acordo de modificación da ordenanzas fiscais,exporase non taboleiro de anuncio do Concello e non BOP durante trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Finalizado o período de exposición pública, as corporacións locais adoptarán os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentaron e aprobando a redacción definitiva das modificacións a que se refira o acordo provisional. No caso de que non se presentaron reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario. En todo caso, os acordos definitivos a que se refire o apartado anterior, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións, haberán de ser publicados no boletín oficial da provincia , sen que entren en vigor ata que se levou a cabo dita publicación.

Os membros do Pleno por maioría aprobaron a proposta anterior . Sete votos a favor dos concelleiros Rocio Martinez Martinez,Candido Eusebio Prieto Lago,David Prada Aneiros,Patricia Santalla Perez,Cristian Carrodegua Graña,Marina Tojeiro Martinez,e o voto do Sr. Alcalde e dous votos en contra dos concelleiros Alberto Javier Rey Paz, Maria Amalia Díaz Rodriguez

O alcalde explica que a ordenanza data do ano 1991 é necesario adaptala as leis vixentes e ademais propónse unha subida das taxas porque o custo do servizo ronda os 70.000,00 € e os



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000010


ingresos andan por 35,000,00 € . Ata agora e dado os anos da crise económica optouse por non subir as taxas .

O concelleiro Alberto Rey Paz , explica que unha subida das taxas dun 20% parécelle totalmente desorbitada , os salarios , pensións suben unicamente un 2% . A demais a principios deste ano o concello non se adheriu a un convenio con SOGAMA , para reducir un 10% os residuos que repercutiría nunha baixada nas taxas nun 10 % . Explica que a súa función é defender os intereses dos veciños de Cerdido e entende que a subida é excesiva .

O concelleiro Candido Prieto Lago , explica que as taxas pola recollida de lixo non se subiron dende o ano 2012 e dos concellos da comarca que ten a taxa mais baixa , así en As Somozas ten unha cota de 70 euros , establecementos 380 € e bares 250 €, e en Moeche ten unha cota de 72 €

O alcalde explica que lle parece unha demagogia o planteamento do voceiro do grupo popular non se pode compara unha subida en 50 euros da taxa , cunha subida en 1000€ dun salario . A subida non chega a 1 € ao mes , dende o ano 2012 non se actualizaron as coutas e o custo ronda os 70.000,00 € e sube cada ano, ademais crease unha exención para persoas que teñan un renda menor o IPREM , e entende que a proposta que realizou SOGAMA a principios de ano era ilegal e que o concello non se acolleu , como outros moitos , porque non se podía legalmente .

7.-Moción do voceiro do grupo municipal do partido popular para reclamar ao goberno de España a transferencia as entidades locais dos recursos derivados da participación nos ingresos do estado . Leida pola secretaria a moción seguinte:Exposición de motivos. Un dos grandes pilares da organización política e administrativa en España está constituído polas Entidades Locais, cuxas Administracións de proximidade garanten a provisión de servizos públicos esenciais aos españois. Para poder desenvolver eficazmente as funcións que teñen encomendadas, é fundamental que se cumpran integramente os dous principios que constitucionalmente inspiran a súa actuación: o principio de autonomía (artigo 140 da Constitución española) e o principio de suficiencia financeira (artigo 142 da Constitución española)Autonomía e suficiencia financeira son principios conmutativos, de modo que non hai autonomía sen suficiencia nin suficiencia sen autonomía. En cambio, do mesmo xeito que ocorreu co financiamento das Comunidades Autónomas, o Ministerio de Facenda veu invocando diferentes coartadas para impedir facer efectivas as obrigacións económico-financeiras que ten contraídas lexislativamente coas Entidades Locais. Unha vez máis, e de xeito completamente falaz, se apela polo Goberno de Sánchez á concurrencia dun orzamento prorrogado e ás limitacións dun Goberno en funcións para negar o que constitucionalmente é un dereito das Entidades Locais e, por conseguinte, dos cidadáns que residen en cada unha delas. Resulta unha paradoja difícilmente aceptable dende o punto de vista intelectual, que o libramiento dos recursos económicos por parte do Estado ás Entidades Locais, e que forman parte dun modelo de actuación establecido legalmente e de raíz constitucional, sexa posto en cuestión polo Goberno de Sánchez, sobre a base de opinións técnicas non contrastadas. A cambio,



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es


exp. 2019/G010/000010

ese mesmo Goberno non ha ter ningún reparo en aprobar Reais Decretos Leis que crean novos dereitos económicos, facendo estalar o teito de gasto non financeiro do Estado e crebando a ordenación xurídica sobre estabilidade presupuestaria. Dende o punto de vista do financiamento local, a falta de actualización dos recursos derivados da Participación en Ingresos do Estado e do Fondo Complementario de Financiamento, está provocando un prexuízo análogo ao que se está producindo coas entregas a conta ás Comunidades Autónomas, e que podería situarse en torno aos 1.000 millóns de euros. Pero é que ademais, a congelación á que está abocando coa súa actuación o Goberno de Sánchez non permite cubrir o esforzo presupuestario que están facendo as Entidades Locais para atender o incremento das retribucións en materia de persoal derivadas do Real Decreto Lei 24/2018, de 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público, que establece un incremento mínimo asegurado do 2,25 por cento respecto de as retribucións vigentes en 2018, con efectos a 1 de xaneiro de 2019, e que cobre tanto a funcionarios como a persoal laboral do sector público local. **MOCIÓN:** Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal do PP insta ao Pleno do Concello de Cerdido, a adoptar os seguintes acordos: **PRIMEIRO.** Solicitar ao Goberno de España faga efectivas as obrigacións económico financeiras que teñen contraídas legalmente coas Entidades Locais e que teñen o seu fundamento nun dereito constitucionalmente recoñecido. E en base a iso efectúe a transferencia actualizada dos recursos derivados da Participación en Ingresos do Estado e do resto de recursos financeiros que corresponden á localidade de Cerdido e, por conseguinte, aos cidadáns que residen na mesma. **SEGUNDO.** Reclamar ao Goberno de España os recursos necesarios para apoiar o esforzo presupuestario que están facendo as Entidades Locais para atender o incremento das retribucións dos empregados públicos das Entidades Locais previsto no Real Decreto Lei 24/2018, de 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público, no ámbito da provincia da Coruña. **TERCEIRO.** Solicitar a convocatoria urxente da Comisión Nacional de Administración Local para dar conta das razóns da situación creada e acordar solucións inmediatas. **CUARTO.** Dar traslado destes acordos á Presidencia e Vicepresidencia do Goberno de España, aos Portavoces dos Grupos Políticos do Congreso e Senado, así como ao Ministerio de Facenda. En Cerdido, a 10 de outubro de 2019.

Os membros do Pleno en votación ordinario e por maioría rexeitaron a moción anterior . Seis votos en contra dos concelleiros Rocio Martinez Martinez, Candido Eusebio Prieto Lago, David Prada Aneiros, Marina Tojeiro Martinez, Patricia Santalla Pérez e o voto do Sr. Alcalde e dous votos favor dos concelleiros Alberto Javier Rey Paz, Maria Amalia Díaz Rodriguez .

O concelleiro Alberto Rey Paz explica que con esta moción pretende defender os intereses dos veciños , o Estado debe cartos tanto as comunidades autónomas como os concellos e o que se pretende e que paguen o que deben sobre 700 millóns de euros

O concelleiro Candido Prieto Lago explica que a Ministra de Facenda recentemente informou que o día once de outubro aprobouse a transferencia as comunidades autónomas e concellos do



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000010


que se lles debía . O rexeitamento dos presupostos xerais do Estado do ano 2019 , por parte outros partidos políticos imposibilitou a transferencia da liquidación dos ingresos do ano 2017 que debería estar aprobada no ano 2019 e recorda que no ano 2016 sendo Ministro Montoro , reducíronse as entregas a conta e que non se dotou de mais crédito para poder facer fronte a devolución aos funcionarios da paga extra retida do ano 2012.

O alcalde explica que os ingresos que recibe os concellos do Estado esta regulado por Lei , por agora o Estado ingresa todos os meses unha cantidade de participación de tributos do Estado , a final do ano fai unha liquidación e se ingresou mais do que nos corresponda , temos que devolver unha cantidade e se ingresou de menos , achegan mais cartos . En Cerdido estamos devolvendo por cantidades ingresadas de mais do ano 2009 e solicita que o concelleiro se informe antes de presentar a moción

O concelleiro Alberto Rey Paz , afirma que a el lle informaron que debían en conxunto 700 millóns e que presenta as mocións con todo o respecto do mundo .

8.- Moción para a adopción urxente de medidas que salven o futuro da central térmica de as pontes. Leida pola secretaria a moción que se copia a continuación : EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.A central térmica de As Pontes é o maior grupo de produción de enerxía de Galicia, dá emprego directo a 700 persoas e xera un impacto económico na zona de 80 millóns de euros ao ano. Desde marzo de 2018 a instalación estaba inmersa na adaptación á Directiva de Emisións Industriais da Unión Europea, comprometendo un investimento de 217 millóns de euros para garantir unha alta eficiencia ambiental e cumprir máis aló dos requisitos desta norma comunitaria.

A Central Térmica acordou a paralización da súa actividade dende hai cinco meses e suspendeu gran parte da execución do investimento previsto, como consecuencia dunha política enerxética desordenada por parte do Goberno de España que avoga polo abandono anticipado do carbón sen dar resposta ás consecuencias en termos de actividade económica e emprego nos territorios afectados, nin en termos de garantías da subministración eléctrica a un prezo competitivo. Esta situación xa viña sendo moi preocupante polas súas consecuencias sobre os traballadores, empresas e sectores, en xeral, vinculados a esta central, especialmente os transportistas, que levan cinco meses sen poder traballar. O pasado día 27 de setembro, Endesa comunicaba a descontinuidade da produción das súas centrais térmicas, entre elas, a de As Pontes, é dicir, o seu próximo peche. Esta decisión ten unhas implicacións dramáticas para Galicia, en xeral, e para a comarca de Ferrolterra, Eume e Ortegal, Terra Cha e Mariña Lucense en particular. Este peche materializaría a perda de centos de empregos nestes Concellos e tería un impacto económico e social cunhas consecuencias dramáticas para estas comarcas. Non podemos tolerar esta situación nin manernos impasibles ante o desmantelamento dun sector económico que xera moita riqueza e do que viven centos das nosas familias e, por iso, debemos amosar a unidade de acción que os nosos veciños se merecen para denunciar este novo castigo e esixir inmediatamente solucións que garantan o futuro e os empregos e eviten una nova reconversión industrial nesta zona. É por iso que, o Grupo Municipal Popular presenta esta moción para o seu debate plenario, solicitando a adopción dos seguintes ACORDOS:O



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000010

Pleno do Concello de Cerdido amosa todo o seu apoio e solidariedade cos traballadores da Central Térmica de Endesa en As Pontes, coa industria auxiliar e cos transportistas vencellados a ela e co Porto de Ferrol, esixindo do Goberno de España a aplicación de medidas urxentes para garantir a inmediata reapertura da central de As Pontes, e no caso contrario a dimisión da Ministra de Transición Ecolóxica, Teresa Ribera, principal responsable da situación da central pontesa. En Cerdido, a 8 de outubro de 2019.

O pleno do concello en votación ordinaria e por maioría dos presentes rexeitaron esta moción . Cinco votos en contra da moción dos concelleiros Rocio Martinez Martinez, Candido Eusebio Prieto Lago, David Prada Aneiros, Marina Tojeiro Martinez, e o voto do Sr. Alcalde e dous votos a favor dos concelleiros Alberto Javier Rey Paz, Maria Amalia Díaz Rodríguez


O concelleiro Alberto Rey Paz explica que o motivo desta moción é de apoio as familias e os traballadores das Pontes e que non quere dicir que non esteamos de acordo a que a central térmica ten que desaparecer pero a transición debe ser paulatina e adaptarse as medidas medioambientais

O concelleiro Candido Prieto Lago , afirma que xa ahí unha declaración institucional en relación ao tema , e que non lle parece que se solicite a dimisión da Ministra , cando tamén se podería pedir a dimisión do Sr. Feijoo polas subvencións que deu a Ferroatlantica . O apoio as familias e os traballadores é total por parte da Alcaldía e entendemos que a declaración institucional e clara polo que entendemos que se debería retirar a moción dado que non parece ético despois de aprobar a declaración institucional .

O concelleiro Alberto Rey Paz , explica que non votaron en contra da declaración institucional , esta moción é exclusiva para a central da Pontes , porque neste concello hai traballadores implicados tanto na empresa como nas auxiliares . A central tiña ata o ano 2030 para pechar as instalacións e agora plantéase o peche inmediato .

O alcalde solicita que o concelleiro explique algúns puntos da moción como que indique cales son as políticas enerxéticas do Goberno e que medidas debe adoptar o actual goberno o problema xurde cando o Sr . Arias Cañete saca a poxa as emisións de CO2 e as compra un fondo buitre , pasando de custar 4 € a 19 € de agora , polo é inviable economicamente para Endesa . Cando pechou a mina , estando o goberno do PP , perdéronse 2000 postos de traballo .

O concelleiro Alberto Rey Paz explica que o seu posicionamento non é que non peche , senón que a transición se faga paulatinamente e entende que os gobernos poden apoiar medidas para investigación , para uso doutras enerxías




Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000010

9.- Dar conta ao Pleno da relación de decretos aprobados pola Alcaldía

Decreto	Data	Asunto
149/2019	26/08/19	Solicitud de autorización para celebrar as festas do Rosario
150/2019	26/08/19	Pleno ordinario de Agosto 2019
151/2019	28/08/19	Alta no padrón municipal de habitantes en Regueirolongo, 12
152/2019	28/08/19	Devolución da garantía prestada no expediente de contratación da obra: Mellora saneamento en Abruñeiros (A Barqueira) incluído no Plan de Medio Ambiente (PMA)2016 da Deputación da Coruña
153/2019	28/08/19	Contrato menor para a reparación soporte portal nave maquinaria de Os Casás
154/2019	02/09/19	Convocatoria Subvenciones Nominativas
155/2019	02/09/19	Acordo de non División en lotes do s proxectos de obras do POS 2019 adicional por maiores achegas da Deputación
156/2019	02/09/19	Solicitud de uso e liquidación da taxa para usar o local da cafetería de o Castro o 26 de outubro para unha xuntanza de veciños de Vilaboa
157/2019	04/09/19	Relación de recibos correspondentes ó mes de xullo do 2019 prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
158/2019	04/09/19	Contratación de Servizos de limpeza de edificios municipais. Prórroga contractual, un ano
159/2019	05/09/19	Denuncia lei de residuos de Galicia por vehículos Agrícola nunha parcela de as Felgosas denunciado: Jose Breijo Santalla
160/2019	10/09/19	Solicitud de licenza para a tenza de animais potencialmente perigosos
161/2019	13/09/19	Declaración Responsable de Festas e Verbenas Populares a nome de Cristian Carrodegas Graña. Solicita: Declaración responsable festa e verbenas populares comisión de festas Cerdido 2019
162/2019	13/09/19	Solicitud de autorización para usar un local municipal
163/2019	20/09/19	Decreto de aprobación de gastos, facturas, taxas, nóminas e outros.
164/2019	25/09/19	Aceptación do desistimento o expediente de licenza de obra 2018/U022/000006 e aprobación da rectificación da autoliquidación tributaria realizada
165/2019	29/09/19	Decreto de contratación de persoal do servizo de axuda no fogar par cubrir unha baixa de ILT
166/2019	29/09/19	Decreto polo que se declaran tre días de loito polo falecemento de Bernardino Breijo Freije, alcalde do Concello de Cerdido durante os anos 1972-2006



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es


exp. 2019/G010/000010

167/2019	29/09/19	Autorización de acceso a información e copia de expediente a concelleiros
168/2019	01/10/19	Decreto de contratación de persoal SAD pra cubrir vacacións
169/2019	02/10/19	Devolución de garantía da obra: Camiño Campo da Igrexa O Covelo (Os Casás) e outros incluído no POS 2017 Complementario
170/2019	02/10/19	Devolución de garantía da obra: Camiño da Barqueira a Barbas (A Barqueira) e outros
171/2019	02/10/19	Decreto aprobación nómina setembro e finiquito por fin de contrato de dona Ana Santalla Mourente
172/2019	03/10/19	Certificación Núm. 3 e final da obra: Camiño Vila da Igrexa a Becerroi (Cerdido) e outros, incluído no POS +2018
173/2019	03/10/19	Alta a anotar no Padrón Municipal de Habitantes en Vila da Igrexa, 36, Cerdido
174/2019	04/10/19	Devolución de garantía da obra: Camiño Cruz dos Novas a Fercoi incluído no Plan de Mellora de camiños municipais 2017-2018 AGADER
175/2019	04/10/19	Devolución de garantía na obra: Camiño Fercoi a Casaldaia executada no ano 29
176/2019	04/10/19	Devolución de garantía da obra: Camiño Rego da Madeira limite co Concello (Os Casás) e outros
177/2019	08/10/19	Decreto de delegación da Alcaldía por ausencia do termino municipal de Benigno Galego Castro
178/2019	08/10/19	Aprobación do expediente de contratación da Obra: Camiño en Carballal (Cerdido) e outros Procedemento aberto simplicadísimo, Licitaron electrónica POS +2019
179/2019	08/10/19	Relación de recibos correspondentes ó mes de setembro do 2019 prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
180/2019	08/10/19	Alta no padrón municipal de habitantes en Barbas, 2, A Barqueira
181/2019	11/10/19	Alta no Padrón Municipal de Habitantes en Porto, 33, A Barqueira

O concelleiro Alberto Rey Paz, solicita información sobre o decreto 159 sobre unha denuncia. **O alcalde** explica que se trata dunha denuncia por ter vehículos en estado de abandono no aparcamento xunto o taller

ROGOS E PREGUNTAS

O concelleiro Alberto Rey Paz realiza as seguintes preguntas e rogos.



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000010

1.- No informe remitido dos servizos sociais do concello chámalle a atención a existencia de 5 traballadoras dunha empresa externa, cando se esta en contra da privatización dos servizos e pregunta se as traballadoras da empresa teñen as mesmas condicións laborais que as traballadoras propias do concello . Ademais solicita información sobre o tempo que se están na lista de espera para a valoración

O alcalde explica que os concellos non poden ampliar o seu cadro de persoal , dende fai anos . A lei de presupostos xerais do Estado do ano 2018 soamente permitía cubrir unha taxa do 50% da baixas que se produzan . Ademais estas cinco persoas non están a xornada completa . En canto a duración da lista de espera , cree que hai unha demora por parte da Xunta de a redor de 1 ano e medio pero si hai algún caso urxente, dáse o servizo a través da prestación básica .

2.- Hai unha pista entre Freis e Regueirolongo que é utilizada por moita xente da zona , maior para pasear , pero tamén podería pasar algún coche que esta en mal estado ,asi mesmo existen outras pistas que requiren un mantemento e amaño como no Muíño de Cobos , As Travesas -Escote , Casas Regueiro , e o paseo do rio Pontella que esvara moito

O alcalde explica que o paseo lavouse todo fai un tempo , pero en verdade que esvara o problema é o mantemento e pensa que a madeira non foi unha boa solución cando se realizou

3.- Hai varias solicitudes de rede de sumidoiros para os lugares de Covelo , Paineira , Cabanas e Diaz


O alcalde afirma que no lugar de Diaz , está feito un proxecto pero se retirou porque os veciños non deixaban pasar e que moitos veciños non se conectarían , no lugar de Covelo e Paineira non nos consta ningunha petición ,e na Cabana hai unha

4.- Hai varias solicitudes de agua en Casavella e de alumeado en Carballal asi mesmo pide información sobre unha parada do bus escolar en A Torre

O alcalde explica que as paradas do bus escolar e cousa da inspección educativa e da Dirección do centro , que o concello non é competente neste tema e explica que cree que a marquesiña esta situada nun lugar que non ten carácter oficial de parada de bus escolar .

5.- En relación a moción presentada sobre plásticos agrícolas solicita información sobre a non petición dunha subvención en medio ambiente da Deputación que podería ser utilizada para este tema así pide información sobre as subvencións de obradoiros de emprego que non se solicitaron

O alcalde responde que non se solicitou a subvención de medio ambiente pero da Deputación



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2019/G010/000010

reciben outras axudas e que en relación aos obradoiros de emprego o concello non ten a capacidade organizativa para realizalo , con un único auxiliar administrativo , outros anos realizáronse con Ortigueira e outro intentouse facer con Cedeira e Cariño pero pola súa complexidade non se puido realizar . Neste concello non hai moita xente no paro que demande obradoiros de emprego , soamente apuntaronse catro persoas no obradoiro que se ia realizar con Cedeira , dun total de corenta e tres desempregos .

Ás 21:15 horas do día 22 de outubro de 2019 e xa que non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria, Paula Díaz Tie

O alcalde, Benigno Galego Castro